



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTEOITO DE NOVEMBRO DO ANO DOUS MIL NOVE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e cinco minutos do día vinteoito de novembro do ano dous mil nove, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

D. Benito Vázquez Vázquez.

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado.

Dna. María Belén González González.

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

D. Cayetano Carballo Suárez.

D. Francisco Veloso González.

Non asisten os concelleiros D. Antonio Estévez González.

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permuy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTESEIS DE SETEMBRO DO ANO DOUS MIL NOVE.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria celebrada en data vinteseis de setembro de dos mil nove, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Toma a palabra o Sr Alcalde, e indica que no acta na ultima pregunta (pregunta 5) do punto de Rogos e Preguntas, no apartado “toma a palabra o Sra. Alcalde e responde que hai unha invasión dun camiño publico...” debe suprimirse a palabra “ publico”, xa que é o arquitecto o que no seu informe determinara que tipo de camiño é.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que queren unha copia do informe do arquitecto, sobre a calificación dese camiño.

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data un de agosto de dous mil nove, resultou aprobada coas observacións indicadas, por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (sete votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Francisco Veloso González (por inasistencia ao Pleno do 26-09) e D. Antonio Estévez González (por inasistencia) (duas abstenciós)

PUNTO SEGUNDO: EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO Nº 4/2009 EN BASE AO ACORDADO POR XUNTA DE GOBERNO DE DATA 13/09/2001.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente (o acordo adoptado en xunta de goberno de data 13 de setembro de 2001, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e non obstante o Informe de Secretaría- Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) *Que se proceda ao levantamento do reparo, de conformidade co art. 217 do TRLRFL.*

2º) *Que se aprobe o recoñecemento extrajudicial de crédito, por importe total de catro mil cincocentos sete euros (4.507,00 €), co seguinte detalle:*

PROVEEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
ASOCIACION PARA EL DESARROLLO INTEGRAL VAL DO LIMIA	Aportacion municipal anualidade 2007 programa LEADER PLUS	46.749	4.507,00 €

3º) *Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere.*

4º) *Manifestar a intención de levar a cabo a consignación do ano 2008 (4.507,00 €) no vindeiro Orzamento do exercicio 2010.”*

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola maioría absoluta dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Francisco Veloso González e D. Antonio Estévez González (por inasistencia) (duas abstenciós)

PUNTO TERCEIRO: MODIFICACION DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL E O CONCELLO DE LOBIOS PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

“PROPOSTA DE ALCALDIA

*Unha vez visto o acordo adoptado pola Comisión de Seguimento do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, para a prestación, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, e con carácter intermunicipal, dos servizos de recollida de residuos sólidos urbanos nos ditos concellos, de fecha 10 de setembro de 2009, esta alcaldía propón **que por parte do Pleno se adopte o seguinte acordo:***

1º.- Modifica-lo Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, para a prestación, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, e con carácter intermunicipal, dos servizos de recollida de residuos sólidos urbanos nos ditos concellos, no sentido seguinte:

- Modifícase a cláusula segunda, apartado 2, engadindo unha letra g) co contido seguinte: “A dirección do persoal adscrito ó servizo, fronte ó que asumirá a condición xurídica de empregador, nos termos da lexislación laboral vixente”.

- Modifícase o apartado 2 da cláusula segunda, suprimindo o último parágrafo do dito apartado.

- Modifícase a cláusula quinta cuxo texto será o seguinte:

“1. Con efectos do 1 de novembro de 2009, transferiráselle á Deputación Provincial o persoal municipal que, procedente dos concellos de Bande, Entrimo, Lobios, Lobeira e Muíños, estivese adscrito de xeito exclusivo ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos dos concellos delegantes. O dito persoal pasará a depender da Deputación Provincial durante a vixencia do convenio, nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, e continuará rexéndose polo convenio colectivo que actualmente lle sexa de aplicación, de acordo co previsto no apartado 4 da dita norma.

2. En caso de revogación da delegación ou extinción por calquera causa da vixencia do convenio, o persoal transferido á Deputación Provincial reverterá ós ditos concellos. Os concellos contraen expresamente, para estes efectos, a obriga de asumir ó dito persoal nos supostos sinalados, recoñecéndoselle ademais ó dito persoal o dereito a conserva-las condicións e dereitos laborais adquiridos, se é o caso, en virtude de negociación coa Deputación Provincial conforme ó establecido no apartado seguinte.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 44.4 do Estatuto dos Traballadores, a Deputación Provincial poderá negociar e subscribir acordos ou convenios cos traballadores afectados ou os seus representantes, que teñan por obxecto os dereitos e obrigas integrantes da relación laboral. Será preceptivo, para a aprobación destes acordos ou convenios, o informe previo da Comisión de Seguimento do convenio de cooperación.

Unha vez aprobados, estes acordos ou convenios seranlles de aplicación ós traballadores afectados, que conservarán as condicións adquiridas na súa virtude incluso en caso de reversión ós concellos de orixe, ata a extinción da vixencia dos ditos acordos ou convenios.

4. Con efectos do 1 de maio de 2008, quedarán adscritos ó servizo, transferíndose a súa titularidade á Deputación Provincial de Ourense, en concepto de cesión de uso, tódolos medios materiais municipais que ata ese momento estivesen destinados de xeito exclusivo ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal dos concellos delegantes. Non obstante, a Deputación Provincial poderá proceder ó cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa deterioración os volva inservibles para o servizo, tralo informe previo da comisión de seguimento, no caso de bens de carácter inventariable, e sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado”.

- Modifícase a cláusula sexta suprimindo o inciso final do apartado 1, parágrafo 1º desta cláusula (desde “En todo caso ...”, ata o final do parágrafo.

2º.- Publicar el texto modificado del convenio en el Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.”



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Alcalde- Presidente indica que o problema do persoal viña dende un principio, xa que o Concello de Lobios non aceptaba o agravio económico que sufría o Concello co persoal, xa que o criterio de reparto que se utiliza é o poblacional o que fai que Lobios pague o dobre que por exemplo Lobeira por ter máis poboación, e esta foi a razón pola que se intentou que o persoal quedara no Concello, pero esta decisión fai que a Deputación teña problemas de control sobre este persoal, e solicitou que se utilizara o modelo que rixe en toda a provincia.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que se trata de modificar un Convenio que non coñece.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, e indica que se trata dun Convenio que xa se aprobou no Pleno de 31 de xaneiro de 2008.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, e indica que aínda que o seu voto naquel momento foi a favor, xa que entenden que o modelo comarcal é positivo para o Concello, o seu voto agora vai ser de abstención como protesta ante a xestión de persoal que se fai dende a Deputación, xa que non hai nin un solo traballador nela que non sexa militante do PP, e isto é unha inxustiza, por eso se absteñen entendendo que aínda así o acordo ira para adiante.

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullón, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado e González González, (seis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres Fernández Simo, Carballo Suárez , Veloso González e Estévez González (por a non asistencia) (catro abstencións).

PUNTO CARTO: AUTORIZAR Á DEPUTACION PROVINCIAL A TRAMITAR E APROBAR UNHA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO, E ELIMINACION DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DO PUNTO LIMPO NOS MUNICIPIOS DE BANDE, ENTRIMO, LOBEIRA, LOBIOS E MUIÑOS.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que a proposta de Alcaldía (que se recolle a continuación) foi remitida xunto coa convocatoria do Pleno:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

Con data 26 de xuño de 2008, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense a subscripción entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños dun convenio de cooperación para a prestación, con carácter intermunicipal e en réxime de delegación, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos ditos municipios. Na súa virtude, delegouse na Deputación Provincial o exercicio das competencias municipais de ordenación e xestión do servizo, incluíndose, especificamente, o exercicio da competencia de ordenación e establecemento das taxas pola prestación do servizo. Cabe engadir que o exercicio da delegación para a ordenación e establecemento das taxas condicionouse á necesidade dunha autorización expresa previa do pleno de cada concello para a aprobación e tramitación das correspondentes ordenanzas fiscais.

A experiencia acadada na xestión delegada do servizo con carácter intermunicipal puxo de manifesto a conveniencia de proceder ó exercicio da competencia delegada de ordenación e establecemento das taxas, co fin de establecer unha regulación común e unhas tarifas únicas para todas as unidades de xestión actualmente encomendadas á Deputación Provincial. As razóns que aconsellan esta unificación da regulación das taxas son as seguintes:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- a) En primeiro lugar, e para o caso das unidades de xestión intermunicipais, a regulación unificada das taxas resulta coherente coa unificación da xestión do servizo, que implica o establecemento dunha comunidade de gastos entre os concellos delegantes, resultando lóxico que esa posta en común dos gastos teña o seu reflexo dende a perspectiva dos ingresos, permitindo unha maior claridade, transparencia e eficacia no proceso de repercusión fiscal dos custes.
- b) En segundo lugar, a regulación unificada permite dar un mesmo tratamento fiscal ós contribuíntes dos diferentes concellos, actualizando así o principio de igualdade e permitindo o establecemento dun mecanismo fiscal automático de solidariedade entre os cidadáns deses concellos, ó contribuí-lo conxunto dos contribuíntes dun xeito igualitario ó servizo común.
- c) En terceiro lugar, e no que se refire ás unidades de xestión municipais, a unificación da regulación e das tarifas co resto de unidades de xestión constitúe un paso previo fundamental de cara á creación, no futuro, dun único servizo intermunicipal delegado para toda a provincia que - sen prexuízo da subsistencia de unidades de xestión comarcal a efectos operativos - permita optimiza-los recursos existentes a través dunha estrutura material e financeira común do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos.

Polo exposto, e sobre a base do preceptivo estudo económico – financeiro de custes (conforme ó establecido no artigo 25 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais), e ó abeiro do disposto no artigo 20.4.s) do amentado texto legal, elaborouse a presente ordenanza fiscal, pola que se establece e regula a taxa do servizo intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos dos concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños. A dita ordenanza regula de xeito completo os elementos integradores da taxa de referencia (feito imponible, suxeito pasivo, contía, devengo e normas de xestión) axustándose en todo momento ó previsto na lexislación reguladora das facendas locais. Os aspectos máis salientables da regulación son os seguintes:

1º) Regúlanse dúas taxas diferenciadas: unha primeira, de carácter xeral para o servizo ordinario de recollida domiciliar de residuos sólidos urbanos, que inclúe tamén o seu tratamento e eliminación; e unha segunda, específica para a prestación do servizo de puntos limpos. Non obstante, con respecto a esta segunda taxa, establécese unha bonificación do 100 % da cota para a totalidade das persoas físicas empadroadas nos concellos nos que se presta o servizo de recollida e para os que sexan contribuíntes da taxa xeral, dado que o custe do servizo do punto limpo xa se grava a través da dita taxa. O obxectivo que se persegue é, dunha banda, incentivar o uso dos puntos limpos por parte da poboación (reducindo o seu custo fiscal para os cidadáns, ó distribuí-lo dito custo entre todo o padrón de contribuíntes) pero, ó mesmo tempo, evitar que o uso do punto limpo por persoas alleas á unidade de xestión poida repercutir nos contribuíntes da taxa xeral.

2º) Na regulación da taxa xeral polo servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos regúlase coa maior claridade posible a definición do feito imponible, suxeito pasivo, devengo e período impositivo, cota tributaria e normas de xestión. No que se refire ó feito imponible, clarifícase que cada inmovible ó que se presta servizo xera un feito imponible diferenciado, e polo tanto unha cota e débeda tributaria distinta, con independencia de que o titular do inmovible sexa a mesma persoa. Con esta medida preténdese adecua-los padróns de contribuíntes á realidade de cada municipio e ó custe real do servizo, garantindo o seu adecuado financiamento. Con respecto á cota tributaria, establécese unha cota determinada a partir da capacidade de produción de residuos estimada para cada tipo de inmovible ó que se presta servizo, establecéndose, en todo caso, unha cota inferior ó custe real do servizo posto de manifesto no informe técnico – económico utilizado para a elaboración da Ordenanza, aínda que procurando que as novas cotas permitan un maior financiamento do servizo. Por último, as normas de xestión da taxa tratan de clarificar a xestión deste tributo, facéndoa máis áxil e transparente, garantindo en todo momento os dereitos dos contribuíntes.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Título preliminar: Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial de aplicación.

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ó servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos nos concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños.
2. A aprobación desta Ordenanza fiscal por parte da Deputación Provincial de Ourense realízase en exercicio da competencia delegada polos concellos de referencia a través do convenio de cooperación para a prestación, con carácter intermunicipal e en réxime de delegación, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos ditos municipios, de 19 de febreiro de 2008 (BOP nº 41). O ámbito territorial de aplicación desta Ordenanza está integrado polos termos municipais dos ditos concellos.

Título primeiro: Da taxa polo servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos nos municipios de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños a prestación, nos termos municipais respectivos, do servizo referenciado a vivendas e establecementos ou locais destinados a calquera tipo de actividade susceptible de produción de residuos sólidos urbanos, incluídas as que carezan de contido económico. O dito servizo ten o carácter de servizo público de prestación obrigatoria para os suxeitos pasivos.
Entenderase incluído no custe da taxa a prestación do servizo de puntos limpos para o conxunto da poboación empadroadada nos municipios de aplicación e para as persoas que, aínda sen estar empadroadas, sexan contribuíntes ou substitutos do contribuínte na taxa de recollida, tratamento e eliminación de residuos do servizo intermunicipal delegado que se presta nos ditos municipios.
2. A prestación do servizo a cada vivenda, local ou establecemento constitúe un feito imponible diferenciado, dando lugar ó devengo da correspondente taxa, incluso nos supostos en que varias vivendas, locais ou establecementos pertencen a un mesmo suxeito pasivo.
3. Non están suxeitas á taxa as vivendas, locais e establecementos nas que concurra calquera das seguintes circunstancias de feito:
 - a) Atoparse en estado de ruína oficialmente declarado polo concello de conformidade coa lexislación urbanística vixente. A declaración de non suxeición e correspondente baixa no padrón producirase de oficio.
 - b) Trátase de inmobles non susceptibles de uso ou ocupación. A estes efectos, considéranse como tales unicamente os inmobles que carezan dos servizos de subministración de auga potable, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica. A declaración de non suxeición da taxa no suposto de inmobles non susceptibles de uso ou ocupación producirase a instancia de parte conforme ó establecido no artigo 6.8 da presente ordenanza.
4. Para os efectos da definición do feito imponible, considéranse residuos sólidos urbanos os definidos como tales na lexislación vixente sobre residuos sólidos e na Ordenanza reguladora do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ós que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario ou en virtude de calquera título xurídico que outorgue o dereito ó uso do inmovible, como o usufructo, uso, habitación, arrendamento, precario ou calquera outro.
2. En todo caso, terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre o ocupante ou usuarios.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Sen prexuízo do anterior, a administración tributaria, ó xestiona-la taxa, poderá realiza-la facturación ó ocupante do inmovible, de conformidade co establecido no artigo 6.10 da presente ordenanza.

3. No caso de que a facturación desta taxa se viñese realizando conxuntamente coa de subministración de auga con anterioridade á data de entrada en vigor da presente ordenanza, consideraranse suxeitos pasivos ás persoas que figuren como contribuíntes no padrón da taxa de abastecemento de auga.

4. Responderán solidaria ou subsidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei Xeral Tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.

Artigo 4. Período impositivo e devengo

1. O período impositivo coincidirá co ano natural ou co tempo efectivo de prestación do servizo durante o ano natural no suposto de inmoables dados de alta ou baixa no padrón de contribuíntes con efectos posteriores ó 1 de xaneiro, de conformidade co disposto nos apartados 3 e 4 deste artigo e coas normas de xestión do artigo 6.

2. Como regra xeral, e dado o carácter obrigatorio e permanente do servizo gravado, así como o feito da súa efectiva implantación no momento da entrada en vigor da presente Ordenanza, a taxa devengarase por ano completo o 1 de xaneiro de cada exercicio natural para tódolos inmoables suxeitos conforme ó disposto no artigo 2.

3. No suposto en que o inmovible suxeito se dese de alta como usuario de calquera dos servizos ós que se refire o artigo 2.3.b) da presente Ordenanza con posterioridade ó 1 de xaneiro, nese exercicio a taxa entenderase devengada a partir da primeira data na que se produza a alta nun dos amentados servizos. A cota tributaria aplicable neste suposto será o resultado de ratea-la cota tributaria anual polo número de días naturais dende a data do devengo.

4. No suposto en que o inmovible suxeito se dese de baixa con posterioridade ó 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, o devengo entenderase producido con efectos ata a data de efectividade da baixa, conforme ó disposto no artigo 6.7 desta ordenanza. A cota tributaria aplicable neste suposto será o resultado de ratea-la cota tributaria anual polo número de días naturais dende a data do devengo ata a da efectividade da baixa.

5. Nos supostos en que se produzan modificacións dos suxeitos pasivos con posterioridade ó 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, estas modificacións xurdirán efecto na data de efectividade da modificación, conforme ó disposto no artigo 6.7, imputándose a parte da cota tributaria anual que corresponda a quen fose suxeito pasivo en cada período temporal de prestación do servizo.

Artigo 5. Cota tributaria

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, denominada tarifa, determinada en función da natureza e destino dos inmoables, en atención a súa capacidade estimada de produción de residuos sólidos urbanos e á súa repercusión nos custes do servizo.

A estos efectos, a capacidade estimada de produción de residuos sólidos urbanos exprésase en abonados – equivalentes, recolléndose no anexo III as tablas de abonados equivalentes para cada tipo de actividade, outorgándose o valor da unidade ás vivendas do medio rural.

2. No caso das vivendas, serán de aplicación as tarifas contidas no Anexo I, epígrafe primeiro, nas que se diferencian dúas tarifas:

a) Tarifa de vivendas situadas en zona urbana do servizo: caracterízanse porque a periodicidade do servizo de recollida é de catro a seis veces por semana.

b) Tarifa de vivendas situadas en zonas rurais do servizo: caracterízanse porque a periodicidade do servizo de recollida é dunha a tres veces por semana.

A inclusión dunha vivenda nun dos dous tipos de tarifa sinalados dependerá exclusivamente de que o servizo prestado sexa o propio de zonas urbanas ou o de zonas rurais, ámbolos dous definidos exclusivamente pola súa periodicidade, sen consideración algunha á clasificación urbanística do solo no que se empracen as ditas vivendas.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

3. No caso de locais ou establecementos dedicados a actividades susceptibles de produción de residuos sólidos urbanos, as tarifas aplicables son as contidas no Anexo I, epígrafe segundo, establecidas en función da capacidade de produción de residuos estimada para cada tipo de actividade.

4. As tarifas, referidas a un ano, serán divisibles por días naturais nos casos previstos na presente ordenanza.

5. Cando nun mesmo local ou establecemento se realicen varias actividades das recollidas no epígrafe segundo do Anexo I, cada unha delas tributará de xeito independente, considerándose que se realiza un feito impoñible para cada actividade, devengándose e liquidándose a cota tributaria correspondente por cada unha delas.

Por excepción, no caso dos restaurantes con servizo de bar ou cafetería, considerarase só como actividade a de restaurante.

6. Cando a aplicación das tarifas do Anexo I, epígrafe segundo, veña determinada pola superficie dos locais ou establecementos, considerarase como tal a superficie total do local que figure no Catastro.

7. Nos inmobles destinados a vivenda nos que se desenvolva calquera actividade susceptible de produción de residuos aplicarase unicamente a tarifa correspondente do epígrafe segundo. Para que esta regra sexa de aplicación esixirase que a actividade se desenvolva en dependencias propias da vivenda que carezan de acceso independente.

8. A tarifa especial de locais ou establecementos con colector de uso exclusivo aplicarase a aqueles locais ou establecementos cuxa produción semanal de lixo, en kilos, sexa superior á cifra resultante de multiplicar por dez o número de abonados equivalentes da actividade de que se trate. A procedencia da súa aplicación declararase de oficio pola administración tributaria, previa a tramitación do expediente regulado no artigo 6.9 da presente ordenanza.

A aplicación deste réxime poderá revisarse a instancia de parte no caso en que se modifícase a capacidade de produción de residuos sólidos urbanos.

Artigo 6. Normas de xestión, liquidación, inspección e recadación.

1. Para os efectos da aplicación da presente ordenanza, considerarase administración tributaria á que en cada caso exerza a competencia de xestión tributaria e recadación. A Deputación Provincial de Ourense será a administración tributaria nos casos en que teña delegado o exercicio da competencia por parte dos concellos.

2. As normas de xestión contidas no presente artigo serán en todo caso aplicables á xestión tributaria e recadatoria cando esta sexa realizada pola Deputación Provincial de Ourense. No caso en que a xestión tributaria e recadación se leve a cabo polos concellos ou por outras entidades, estas normas serán de aplicación supletoria, en defecto de normas específicas de xestión.

3. A taxa xestionarase de oficio pola administración tributaria, a partir dun padrón que se formará anualmente, aprobándose mediante resolución da Presidencia, ou do órgano en cada caso competente en caso de que a administración tributaria non sexa a Deputación. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito impoñible do que a administración teña constancia:

a) Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo. Farase constar a identificación do titular do inmovible como contribuínte, agás no caso de que a administración tributaria teña constancia de que o contribuínte é unha persoa diferente, en cuxo caso no padrón figurarán o ocupante ou usuario como contribuínte e o titular do inmovible como substituto do contribuínte.

b) Identificación do inmovible ó que se presta o servizo

c) Data de devengo da taxa e período impositivo

d) Cota tributaria líquida, determinada pola tarifa aplicable conforme á presente Ordenanza, especificando o epígrafe aplicable.

e) Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.

4. O padrón especificará, para cada exercicio tributario, se a cota tributaria anual se facturará por períodos inferiores ó ano, detallando no seu caso a periodicidade que se estableza.

5. O padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos dos concellos, ademais de na páxina web da Deputación Provincial de Ourense. As modificacións, altas e baixas que se produzan ó longo do exercicio tributario incorporaranse ó padrón mediante resolución da



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Presidencia, que será obxecto de notificación individualizada ós interesados, sen prexuízo da súa publicación.

6. Como norma xeral, o padrón de contribuíntes será aprobado e publicado antes do 31 de decembro do exercicio inmediatamente anterior a aquel no que deba surtir efectos, que se producirán, en todo caso, a partir do 1 de xaneiro do exercicio de referencia.

Non obstante o anterior, e con carácter excepcional, cando existan circunstancias que o xustifiquen o padrón poderá ser obxecto de aprobación posterior, sendo válido e producindo igualmente os seus efectos a partir do 1 de xaneiro do exercicio ó que se refira.

7. As modificacións, altas e baixas individuais no padrón levaranse a cabo de oficio ou a instancia dos interesados, cando se modifiquen os supostos de feito que determinan a inclusión no padrón, e terán efectos a partir da data da súa aprobación, ou no seu caso a partir da data na que a administración tiña a obriga de realizar de oficio a modificación, conforme ó disposto no parágrafo seguinte.

A administración tributaria estará obrigada a realizar de oficio as modificacións, altas e baixas no prazo máximo de dez días hábiles dende a data en que teña coñecemento fidedigno dos feitos determinantes da modificación de que se trate.

Por excepción, no caso de alta con posterioridade ó 1 de xaneiro do exercicio tributario de inmobles como usuarios dos servizos ós que se refire o artigo 2.3.b), a resolución de inclusión no padrón terá efectos a partir da primeira data na que se teña producido a alta nun dos amentados servizos.

En todo caso, os interesados terán a obriga de comunicar á administración calquera feito con transcendencia tributaria susceptible de modifica-los datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falla de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo interesado da súa obriga de comunica-los cambios producidos e, en todo caso, cando estes non fosen coñecidos pola administración tributaria.

8. A declaración de baixa no padrón dos inmobles non suxeitos de conformidade co disposto no artigo 2.3.b) realizarase sempre a instancia do interesado e previa a acreditación de que o inmovible non dispón dos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica. Entenderase que o inmovible carece destes servizos cando estea dado de baixa como usuario en tódolos servizos sinalados, con carácter definitivo, pola entidade subministradora ou prestadora, o que se acreditará mediante a presentación do correspondente certificado expedido pola dita entidade. No caso de que non se acredite este extremo, o inmovible considerárase utilizable ou ocupable, e devengará a taxa correspondente.

Non obstante o anterior, cando, malia atoparse de baixa como usuario nos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, existan indicios de que o inmovible pode dispoñer dos servizos sinalados de xeito autónomo e sen necesidade de que lle sexan subministrados por un terceiro, a administración tributaria poderá ordear a realización das actuacións necesarias para a averiguación da situación do inmovible, mediante a sustanciación do oportuno procedemento de inspección tributaria, conforme á lexislación vixente.

9. A aplicación do réxime especial de tarifa de locais con colector de uso exclusivo decidírase de oficio pola administración tributaria, previa a tramitación dun expediente contradictorio no que se acreditará a realidade da produción de residuos do local o establecemento afectado. Durante a tramitación deste expediente, a administración tributaria disporá o uso dun colector exclusivo polo local afectado durante un período de ata un mes, exclusivamente para os efectos de comproba-la realidade do volume de produción de residuos. No caso de que se trate de locais que poidan experimentar cambios significativos de produción ó longo do exercicio, poderán realizarse comprobacións de ata un mes en distintos períodos do ano, determinándose o volume de lixo a partir do resultado medio obtido.

Na resolución que declare a aplicación deste réxime especial concretárase o volume e número de colectores exclusivos que deberá utiliza-lo local ou establecemento de que se trate, en función da produción de residuos acreditada no expediente.

10. A facturación da taxa realizarase coa periodicidade establecida nos padróns, mediante a emisión dos correspondentes recibos, que serán comunicados ós interesados a efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do padrón correspondente ou mediante a notificación dos actos de modificación puntual do dito padrón.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Nos supostos en que o suxeito pasivo contribuínte da taxa non sexa o titular do inmovible ó que se presta servizo, a facturación realizarase directamente ós ocupantes ou usuarios, sen que teña lugar a substitución do contribuínte, sempre que concorran os seguintes requisitos:

a) Que se solicite conxuntamente polo propietario e o ocupante ou usuario, achegando o título xurídico que lexítima o uso ou ocupación.

b) Que o sistema de pagamento sexa a domiciliación bancaria dos recibos.

En ausencia destes requisitos, ou cando deixen de producirse, a facturación realizarase ó propietario, na súa condición de substituto do contribuínte. En particular, nos supostos de impago en período voluntario polo contribuínte, a administración tributaria poderá proceder á modificación do padrón correspondente, excluindo ó contribuínte do padrón, no que só figurará o substituto do contribuínte con efectos da data da modificación.

11. Nos supostos previstos no artigo 3.3 da presente Ordenanza, a xestión da taxa de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos rexeráse polas normas de xestión da taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, aprobándose un único padrón para ámbalas dúas taxas.

12. Para todos os efectos, entenderase como domicilio de cobro de cada recibo o domicilio fiscal do contribuínte ou do seu substituto, conforme coa lexislación tributaria vixente.

13. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexeráse polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

Título II: Da taxa pola prestación do servizo intermunicipal de puntos limpos

Artigo 7.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa pola prestación do servizo intermunicipal de puntos limpos a recepción neste tipo de instalacións dos residuos sólidos urbanos que deban ser entregados ou depositados nelas, así como recollida a domicilio deste tipo de residuos, nos casos e condicións en que Ordenanza reguladora do servizo estableza a posibilidade desta prestación.

Artigo 8.- Bonificacións.

Establécese unha bonificación do 100 % das tarifas xerais da taxa para as persoas físicas que figuren no padrón de habitantes dos concellos nos que é de aplicación a presente Ordenanza, e para as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que figuren como suxeitos pasivos na taxa pola prestación do servizo intermunicipal de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos regulada no Título I.

Esta bonificación aplicarase de modo automático coa identificación da persoa que entrega os residuos ou solicita a súa recollida e a comprobación por parte da oficina de xestión de que se atopa incluída en calquera dos supostos que da dereito á bonificación. Para a súa efectividade os beneficiarios deberán identificarse na oficina ou lugar de entrega dos residuos. No caso de persoas xurídicas e entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, os beneficiarios deberán comunicar á administración tributaria a designación das persoas autorizadas para efectuar-la entrega ou solicita-la recollida dos residuos, achegando documento acreditativo da súa vinculación co beneficiario. Corresponderá a estas persoas a obriga de identificación no momento de entrega ou solicitude de recollida dos residuos.

Artigo 9.- Devengo.-

A taxa pola prestación do servizo intermunicipal de puntos limpos devéngase no momento da entrega ou solicitude de recollida dos residuos de que se trate.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Artigo 10.- Cota.-

A cota tributaria consistirá na aplicación dunha tarifa por entrega de residuos, establecida en función da tipoloxía e peso dos residuos entregados. A contía desta tarifa recóllese, para cada tipo de residuo, no anexo II da presente Ordenanza.

Artigo 11.- Normas de xestión.-

O pagamento da taxa será requisito previo para a entrega dos residuos nos puntos limpos. A tal efecto, a taxa esixirase en réxime de autoliquidación, que será realizada polo interesado coa asistencia do persoal encargado da recepción dos residuos. Realizado o pagamento, expedirase e entregarase ó interesado un recibo acreditativo do pagamento.

O pagamento poderá realizarse en efectivo, mediante domiciliación bancaria ou mediante calquera outro medio autorizado pola administración tributaria, sempre que nos puntos de entrega existan os medios materiais para a súa realización.

Título III. Réxime sancionador

Artigo 12. Infraccións e sancións.-

En materia de infraccións e sancións relacionadas coas taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable ó efecto.

Disposición transitoria

Establécense as seguintes normas transitorias de aplicación ó padrón de contribuíntes da taxa do servizo intermunicipal de recollida, tratamento e eliminación de residuos correspondente ó exercicio 2010

1ª) A inclusión no padrón de 2010 de suxeitos pasivos por feitos impositivos que xa estivesen recollidos no derradeiro padrón municipal aprobado con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza non se considerará, en ningún caso, como supostos de altas ou modificacións, e o seu réxime de notificación será a colectiva a través da publicación do padrón conforme ó previsto no artigo 6.

2ª) O padrón correspondente ó exercicio 2010 deberá ser aprobado antes do 30 de xuño deste exercicio.

Disposición derogatoria.

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedarán derogadas as seguintes ordenanzas fiscais municipais:

- Ordenanza fiscal número 7 reguladora da taxa pola prestación de recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbanos no Concello de Bande, publicada no BOP n.º 28, do 3 de febreiro de 2006.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbanos no Concello de Lobeira, publicada no BOP n.º 293, do 23 de decembro de 2006.
- Ordenanza fiscal reguladora da exacción da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo e residuos sólidos urbanos no Concello de Lobios, publicada no BOP n.º 11, do 14 de xaneiro de 2006.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos no Concello do Entrimo, aprobada polo Pleno do Concello do 10 de outubro de 1985, e publicada a súa modificación no BOP n.º 289, do 19 de decembro de 2006.

Igualmente, quedará derogada calquera disposición de igual ou inferior rango que contradiga, se opoña ou resulte incompatible co disposto na presente ordenanza fiscal.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Disposición derradeira.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2010, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e sempre que se cumpran os requisitos para a súa entrada en vigor establecidos na lexislación de réxime local e de facendas locais.

ANEXO I

TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS

EPÍGRAFES - 1	TARIFA ANUAL
Vivendas	
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	50,00 €
Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	62,50 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

EPÍGRAFES - 2	TARIFA ANUAL
Hoteis, hostais, pensions, casas de hospedes, por cada 5 habitacións ou fracción	50,00 €
Cámpings, por cada dez parcelas de tienda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló	50,00 €
Restaurantes e similares	
Restaurantes ata 100 m ²	150,00 €
Restaurantes de 100- 350 m ²	250,00 €
Restaurantes de mais de 350 m ²	500,00 €
Bares, cafeterías e similares	
Bares, cafeterías e similares	150,00 €
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	50,00 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	500,00 €
Pubs e bares con música e similares	250,00 €
Bingos	150,00 €
Negocios de alimentación	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	150,00 €
Supermercados e autoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	350,00 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de máis de 350 m ²	750,00 €
Carnicerías e pescaderías	150,00 €
Fruterías	200,00 €
Confiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	150,00 €
Negocios de	
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de 0-100 m ²	150,00 €
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de 100-350 m ²	300,00 €
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de máis de 350 m ²	500,00 €
Almacens, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m ²	150,00 €
Almacens, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m ²	300,00 €
Almacenes, depósitos y venta al por mayor de máis de 450 m ²	500,00 €



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Servizos		
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	400,00 €	
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	100,00 €	
Centros de atención médica especializada, con talleres e instalacións de actividades complementarias	4250,00 €	
Centros penitenciarios, por cada interno	75,00 €	
Cimiterios e igrexas e templos con cimiterios	75,00 €	
Cines e teatros	100,00 €	
Bancos e caixas de aforros	250,00 €	
Academias privadas	150,00 €	
Centros docentes sen servizo de comedor	250,00 €	
Centros docentes con servizo de comedor	500,00 €	
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)	50,00 €	
Residencias de ancians e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)	75,00 €	
Centros de día, de ata 500 m ² totais	200,00 €	
Centros de día de 500 ou máis m ²	350,00 €	
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)	150,00 €	
Oficinas, despachos e servizos profesionais		
En locais de 0-100 m ²	50,00 €	
En locais de 100-200 m ²	150,00 €	
En locais de 200-300 m ²	250,00 €	
En locais de máis de 350 m ²	350,00 €	
Estacions de servizo		
Gasolinera sen tenda comercial	150,00 €	
Gasolinera con tenda comercial	200,00 €	
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción	50,00 €	
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m ²	150,00 €	
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m ²	250,00 €	
Talleres mecánicos e chapisterías de máis de 200 m ²	350,00 €	
Tarifas especiais		
Pequenos núcleos rurais		
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes	50,00 €	
Fábricas, industrias e outras actividades non incluídas anteriormente, ou incluídas pero con produción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial: por instalación de cada contenedor de uso exclusivo, ó ano		
Sen Materia Orgánica	1er contenedor (800 l)	200,00 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	100,00 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	150,00 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	250,00 €
Con materia Orgánica	1er contenedor (800 l)	500,00 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	250,00 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	400,00 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	500,00 €



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ANEXO II

Prezos de entrega en Puntos limpos

Colchóns	6 €/ud.
Voluminosos	0,15 €/Kg.
Raees sen clasificar non reciclables	0,50 €/Kg.

ANEXO III

TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS

EPÍGRAFES - 1	ABONADO EQUIVALENTE
Vivendas	
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	1
Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	1,25

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

EPÍGRAFES - 2	ABONADO EQUIVALENTE
Hoteis, hostais, pensions, casas de hospedes, por cada 5 habitacions ou fracción	1
Cámpings, por cada dez parcelas de tienda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló	1
Restaurantes e similares	
Restaurantes ata 100 m ²	3
Restaurantes de 100- 350 m ²	5
Restaurantes de mais de 350 m ²	10
Bares, cafeterías e similares	
Bares, cafeterías e similares	3
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	1
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	10
Pubs e bares con música e similares	5
Bingos	3
Negocios de alimentación	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	3
Supermercados e autoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	7
Hipermercados e autoservizos de alimentación de máis de 350 m ²	15
Carnicerías e pescaderías	3
Fruterías	4
Confiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	3
Negocios de	
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de 0-100 m ²	3
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de 100-350 m ²	6
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de máis de 350 m ²	10
Almacens, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m ²	3
Almacens, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m ²	6
Almacenes, depósitos y venta al por mayor de máis de 450 m ²	10



Estrada de Portugal, 27
 32870 – Lobios – Ourense (España)
 Tfno.: 34 988 44 80 00
 Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Servizos		
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización		8
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción		2
Centros de atención médica especializada, con talleres e instalacións de actividades complementarias		85
Centros penitenciarios, por cada interno		1,5
Cimiterios e igrexas e templos con cimiterio		1,5
Cines e teatros		2
Bancos e caixas de aforros		5
Academias privadas		3
Centros docentes sen servizo de comedor		5
Centros docentes con servizo de comedor		10
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)		1
Residencias de ancians e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)		1,5
Centros de día, de ata 500 m ² totais		4
Centros de día de 500 ou máis m ²		7
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)		3
Oficinas, despachos e servizos profesionais		
En locais de 0-100 m ²		1
En locais de 100-200 m ²		3
En locais de 200-300 m ²		5
En locais de máis de 350 m ²		7
Estacions de servizo		
Gasolinera sen tenda comercial		3
Gasolinera con tenda comercial		4
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción		1
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m ²		3
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m ²		5
Talleres mecánicos e chapisterías de máis de 200 m ²		7
Tarifas especiais		
Pequenos núcleos rurais		
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		1
Fábricas, industrias e outras actividades non incluídas anteriormente, ou incluídas pero con produción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial: por instalación de cada contenedor de uso exclusivo, ó ano		
Sen materia orgánica	1er contenedor (800 l)	4
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	2
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	3
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	5
Con materia orgánica	1er contenedor (800 l)	10
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	5
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	8
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	10

”
 Continua decindo que esta variación sensible da taxa de lixo realizase dende a Deputación e con todas as comarcas, e que ten como elemento básico a determinación da taxa inicial por vivenda que para poder soportar os gastos que presentou a Deputación, elevase de 36 € a 50 €. Esta subida vese xustificada tendo en conta que no ano 2008 o coste real do servizo foi de 93.062 €, mentras que o



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Padrón foi 59.780€, polo que Lobios é deficitario polo que a Deputación non vai soportar a diferenza e se carga ao Concello, e por iso, se pretende regularizar a situación para que sexa máis adecuada á realidade, o tema que máis importaba ao Concello era o tema dos empresarios, xa que a tarifa inicial que se remitía dende a Deputación era máis elevada para os empresarios, e dita cifra solo implicaba nun 4 % polo que se conseguiu reducir á metade.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta se se trata de aprobar esa ordenanza.

Toma a palabra o Sr Alcalde-Presidente e responde que se trata de autorizar esta modificación, continua decindo que Lobios ten ademais unha situación especial que foi motivo de discusión co Concello de Muíños, xa que en Lobios se presta un servizo a maiores mediante a utilización dunha furgoneta para os camiños onde o camiión non pode pasar, e cos gastos deste servizo corre a Deputación.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, reitera que aínda que o seu voto naquel momento foi a favor, o seu voto agora vai ser de abstención xa que están de acordo coa creación do servizo pero non co modelo de xestión, continua decindo que non están dispostos a que os veciños corran cos gastos da política de contratación de persoal de Deputación, indican que defenden a xestión deste servizo pero consideran que hai outras formulas de comarcalizar o servizo que poden supor unha redución do servizo.

Concedida a palabra a Concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yañez Salgado, pregunta que non entende o recollido no art. 5 punto 5 en relación as vivendas que teñen vivenda e local e se tributa pola vivenda e o local, en relación con este apartado e co punto 7 pregunta que pasa se hai varias actividades nun mesmo local.

Concedida a palabra ao Concelleiro do Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, Sr. Paz Leon, responde que el agora mesmo xa paga pola vivenda, cafetería, e por pub.

Concedida a palabra a Concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yañez Salgado, pregunta a que se refire o art. 2 no apartado 3, letra b: "Tratarse de inmobles non susceptibles de uso ou ocupación. A estes efectos, considéranse como tales unicamente os inmobles que carezan dos servizos de subministración de auga potable, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica", é preciso que carezan de todos eles ou é suficiente un.

Toma a palabra o Sr Alcalde-Presidente e responde que no debate se falaba sobre todo da Luz eléctrica como elemento esencial.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que respecta ao tema dos impostos os veciños de Lobios pagan uns impostos, cargas e gravames que soportan os negocios e que son incompatibles coa diminución da natalidade e o aumento de defuncións.

Toma a palabra o Sr Alcalde-Presidente e responde que é real a situación e non é un problema de Lobios, senón de toda a provincia, continua dicindo que cada vez máis se penaliza aos concellos con pouca poboación xa que os criterios de reparto son en base a poboación, e o servizo é o mesmo que se presta nunha cidade e por iso é difícil adaptar a situación dos pequenos concellos onde os ingresos son deficitarios pero os servizos son os mesmos, por iso se segue a idea de comarcalizar para abaratar custes xa que senón é imposible atender os servizos municipais.

Concedida a palabra ao vocal do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que non son capaces de aclarar o modelo, continua decindo que en Lobios a metade da poboación desapareceu e as casas están sen ocupar aínda que teñan luz eléctrica.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que están de acordo co exposto e indica que este problema debe levarse a Madrid dende todos os partidos xa que en Galicia se debe ter en conta a dispersión poblacional.

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada pola maioría simple dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León e Rodríguez Broullón (tres votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez, Veloso González e Estévez González (por a non asistencia) (sete abstencións).

PUNTO QUINTO: DECRETOS DOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DO 2009.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que en base ao artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro se inclúe por urxencia o coñecemento da renuncia dos cargos de concelleiros para que remitan a credencial da seguinte na lista.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullón, Yáñez Salgado, Vázquez Vázquez, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (nove votos a favor)

ABSTENCIÓNS: Sr. Estévez González (unha abstención por a non asistencia)

Toma la palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que considerando que se han presentado las renuncias de los Srs. María Preciosa González Prieto, Alfredo González Pérez, Manuel Araujo Rodríguez, Irene Coromoto López Álvarez, Jaime Garrido Nogueira y Antonio González Castro donde se formalizaba la renuncia voluntaria al cargo que ocuparía en este Ayuntamiento teniendo en cuenta la lista de candidatos del PS de G- PSOE publicada en el BOP nº 99 de 1 de mayo de 2007. La renuncia al cargo no será efectiva hasta su sometimiento al Pleno del Ayuntamiento.

Considerando los artículos 9.4 del Real Decreto 2568/1986, de 26 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, y 182 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, realizada la tramitación reglamentariamente establecida, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente

ACUERDO

PRIMERO. Tomar conocimiento de la renuncia al cargo de Concejal del Ayuntamiento que realizan los Srs. María Preciosa González Prieto, Alfredo González Pérez, Manuel Araujo Rodríguez, Irene Coromoto López Álvarez, Jaime Garrido Nogueira y Antonio González Castro.

SEGUNDO. Comunicar este Acuerdo a la Junta Electoral para que remita esta las credenciales de D^a. Rosa Nora Gonzalez siguiente en la lista de los que concurren a las últimas elecciones municipales, para que pueda tomar posesión de su cargo.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Tras una breve deliberación, sometida esta proposta a votación, resulto aprobada por la unanimidad de los miembros presentes, con el siguiente resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vázquez Vázquez, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (nueve votos a favor)

ABSTENCIÓNS: Sr. Estévez González (una abstención por la no asistencia).

PUNTO SEXTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTADAS NO REXISTRO MUNICIPAL.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que non se presentaron Mocions por parte dos Grupos Políticos.

PUNTO SETIMO: ROGOS E PREGUNTAS.

1.- Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, pregunta se hai cadeiras no multiusos e se non onde estan.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro do Grupo Político Municipal do PSG, Sr. Paz León, e responde que habia 125 cadeiras e que algunhas se trasladaron.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que algunhas cadeiras se trasladaron a San Paio e tamen se trasladaron Xendive unhas 20, xa que se fan actividades na parroquia, e por iso se usan esas cadeiras excepto en Grou que esta equipado.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro do Grupo Político Municipal do PSG, Sr. Paz León, e continua dicindo que ademais desas cadeiras repartidas hai algunhas na outra aula do multiusos, e que se fara un relato para saber as que hai.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que isto denota a falta de inventario e por iso xa se solicitou a Deputación a elaboración do mesmo.

2.- Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado e pregunta se funciona o novo pavillon.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que oficialmente non se poderia usar xa que non foi aceptado polas anomalías que se comunicaron a Deputación.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que se realizan actividades.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, e indica que se fan actividades baixo a súa responsabilidade, porque hai deficiencias pero debe usarse porque hai demanda.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, e indica que o responsable do que suceda nas actividades sera o que as autoriza.

3.- Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, solicita saber se se lle deu resposta a o Sr. Vázquez Vázquez respecto ao persoal do Concello.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que se lle deu resposta pero incompleta, xa que non se lle indicou o tipo de contrato, a duración e os nomes dos contratados.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que se lle informou do solicitado, continua dicindo que en base a isto se pode facer un análise xa que hai 70 persoas non funcionarias deas que 7 son con cargo ao Concello e 63 subvencionadas existindo unha gran diferenza coa situación que se atoparon cando chegaron ao Concello que había 39 traballadores dos que 26 eran subvencionados e 13 de Concello.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, e indica que quere facer unha puntualización respecto do programa de dependencia xa que en febreiro se recibiu unha circular na que se incluía como servizo complementario a dependencia o servizo de quiromasaxe, e agora a Consellería de Traballo e Benestar denega dito servizo, o que implica un perxuízo serio ao Concello, continua dicindo que por isto manifestan o seu malestar xa que a previsión de futuro sería contratar 11 auxiliares e con este cambio de idea se debe reflexionar para ver como se soluciona este problema.

4.- Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, e solicita a creación dunha comisión de seguimento do balneario.

5.- Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica que segundo manifestación de veciños e notarios da Provincia a elaboración e colaboración que se prestou dende Lobios no catastro resultou lamentable pois se cambiaron os titulares das fincas xenerando confusión e por iso deben tomarse as medidas oportunas para corrixir os erros por parte do Concello.

6.- Continua dicindo que respecto ao auga termal do Riocaldo xa pasaron dous anos e medio da lexislatura e os gobernantes non cumpren coa promesa que tiñan cos veciños da utilización pública dalguns litros, xa que non se pode olvidar que o valneario se regalou para toda a vida utilizando catro enganos históricos e que o mesmo se construíu na metade do cauce do río, por elo entendo confío e espero que o Sr. Alcalde antes de finalizar a lexislatura faga que todos os veciños teñamos de forma oficial e legal o uso e disfrute do auga mineromedicinal e termal xa que a mesma forma parte necesaria e imprescindible do desenvolvemento turístico da comarca así como do progreso da villa de Lobios e do futuro de postos de traballo privados.

7.- O Sr. Veloso Gonzalez entende que a situación do Concello cambiou dende que hai unha secretaria-interventora de carreira pero solicita que se deixe a disposición pública en libros foliados e numerados as actas dos plenos e das comisións de goberno, así mesmo indica que das investigacións efectuadas non existe libro de inventario de bens municipais legal e en vigor.

8.- O Sr. Veloso Gonzalez roga que se proceda de inmediato a executar a obra do embarcadero de Aceredo xa que é necesario para o desenvolvemento da comarca e foi aprobado en pleno.

9.- Continua dicindo que debido a que nas pontes, fins de sema e vacacións, en Lobios circulan miles de persoas e se carece de médico ou servizo sanitario sería necesario que a subida dos impostos experimentada se dedicara a contratar aínda que fose temporalmente, a unha persoa xove licenciada en medicina ou ATS, que prestara servizos de emerxencia en Lobios.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que respecto ao balneario a situación na que se atopa e a da negociación coa fundación San Rosendo, xunto co Delegado de Medio-Ambiente, a Confederación Hidrográfica, a asociación de empresarios e a comunidades de montes, pero o problema surtiu cando o Secretario de confederación hidrográfica do Miño pediu o expediente a Oviedo e se



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

comprobou que o acordo adoptado non era posible dende un punto de vista legal isto fixo que se realizara un novo convenio que se esta estudando xa que a fundación San Rosendo poñe unhas condicións que modifican totalmente todos os acordos das reunións, continua dicindo que no momento en que se aprove en Madrid e o acordo sexa oficial se comunicara. En relación ao rogo do inventario indica que se esta facendo un por parte da Deputación. No tema do embarcadeiro se ten dende fai un día todas as licenzas necesarias polo que confía que o luns se teñen equipos de traballo nel.

Concedida a palabra o Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo indica que na última reunión co conselleiro de sanidade non se nos deu unha resposta ao tema das guardias médicas e tratándose dun tema de tremenda importancia xa que se trata dun dereito básico propoñe ter unha reunión para falar sobre o tema.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que esta de acordo con ter dita reunión.

E non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy